

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES****Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común**

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

Sr. Xefe do Servizo de Montes e I.F.  
Edificio Adm. Monelos, 5ª Planta  
A CORUÑA

Aos efectos oportunos comunícolle a resolución do expediente de calificación nº 347 do monte "Inxerio", da parroquia de Mercurín, concello de Ordes, segundo o acordo deste Xurado na súa reunión de data 19 de decembro de 1997:

"Reunido na data 19 de decembro de 1997 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. D. Angel Barrallo Sánchez, Vicepresidente do Xurado e Maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, os Vocais, D. Andrés López-Suevos Fernández, Xefe do Servizo de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común, e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación, para estudar e resolve-lo

Nº Expdte: 347  
Monte: Inxerio  
Lugar: Parroquia de Mercurín  
Parroquia: Mercurín  
Concello: Ordes

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

1º. Diversos veciños da parroquia de Mercurín, concello de Ordes, solicitaron con data 26/02/1997 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 99,45 Ha.  
Lindeiros:

É o monte "Mercurín", nº 223-D do C.U.P.

NORTE: Fincas particulares de veciños de Pepin e Perra, do piquete nº 50 ao 52 do deslindamento, seguindo a orde de piquetes.

LESTE: Fincas particulares de veciños de Pena e Mañufo, seguindo en parte o camiño de Lesta a Meson do Vento, do piquete nº 52 ao 1, e deste ao 19 seguindo a orde de piquetes.

SUR: Fincas particulares de veciños de Mañufo, seguindo en parte o camiño de Lesta a Mesón do Vento, un camiño de Servicio do monte; e o Rego da Pena da Loba, do piquete nº 19 ao 32 seguindo a orde de piquetes.

OESTE: Parroquia de Lesta, do piquete nº 32 ao 50 seguindo a orde de piquetes.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 13/06/1997, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Juan Ramón Beneyto Bellas, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Ordes, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Ordes, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 183 de 23/09/1997) e taboleiro de anuncios do Concello.

3º. Os veciños de Mercurín fundamentan a súa petición perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común no aproveitamento desde tempos inmemoriais de forma consuetudinaria e en réxime de comunidade do monte correspondente a dito lugar. Presentan copia do Interrogatorio do Catastro do Marqués de la Ensenada correspondente á parroquia de S. Clemente de Mercurín, onde xa se describe dito monte. Inclúen asimesmo copia doutros documentos privados con referencias á existencia do monte veciñal.

4º. Publicados Edictos no D.O.G., así como no taboleiro de anuncios do Concello, non se presentaron alegacións por parte deste, como titular da propiedade do monte, nin por outros posibles interesados.

5º. O monte Inxerio ou Mercurín foi expresamente excluído do proceso de concentración parcelaria da parroquia de S. Clemente de Mercurín, e permanece no Catálogo de Utilidade Pública, ao seguir a cumprirse na actualidade os requisitos establecidos para a declaración de utilidade pública, conforme o artg. 25 do Regulamento de Montes. Dito catálogo asigna a súa pertenza á parroquia de S. Clemente de Mercurín.

6º. Na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos artgs. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º. En conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños da parroquia de Mercurín, concello de Ordes, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artgs. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no punto anterior, se deduce que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal da parroquia de Mercurín, no que se cumpren os aludidos requisitos. Esta afirmación é reforzada pola asignación que se face no C.U.P. da súa pertenza á parroquia de Mercurín, así como pola súa exclusión do proceso de concentración parcelaria.


Por iso, éste Xurado á vista dos antecedentes e fundamentos de Dereito expostos, nésta data,

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal da parroquia de Mercurín, concello de Ordes, o denominado Monte "Inxerio", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro antecedente. Asimesmo, acórdase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes da Coruña".

A Coruña, 19 de decembro de 1997

Vº e Pr.  
O PRESIDENTE DO XURADO,

O SECRETARIO DO XURADO,



Asdo. Angel Barballo

do. Manuel Punte Araújo



